

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA MELLORAR A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

En Santiago de Compostela, a 9 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha banda, D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de conselleiro de Política Social, nomeado polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e mais no Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e, en virtude das facultades que como conselleiro ten atribuídas no artigo 34 da Lei 1/83, do 21 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e mais no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

E doutra; D. Alfredo L. García Rodríguez, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 30 de outubro de 2015.

Ambas as dúas partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude

MANIFESTAN

I.- Que a Consellería de Política Social é o órgano da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia ao que, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, lle corresponde propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, englobando as competencias nas seguintes materias de servizos sociais: políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención a las persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás

persoas en situación de dependencia así como as políticas de xuventude e voluntariado. Todo o anterior, de conformidade coa Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia, e mais o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

II.- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) é o organismo de representación das entidades locais de Galicia, composta polos 313 concellos, as catro deputacións provinciais e as 9 entidades locais menores existentes no ámbito territorial de Galicia e conta coa capacidade de constituír servizos de asistencia para os seus membros e establecer as estruturas orgánicas pertinentes.

Entre o seus fins, recollidos no artigo 6 dos seus estatutos, está o de promover e representar os intereses comúns das entidades locais ante outras administracións públicas, gozando no exercicio das atribucións que ten conferidas para o cumprimento dos seus fins estatutarios da plena capacidade para subscribir os convenios que procedan.

III.- Que as administracións públicas e organismos públicos poden celebrar convenios, ao abeiro do artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, para mellorar a eficacia na xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública, sempre que se cumpra coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

IV.- O artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que os municipios exercerán, en todo caso, como competencia propia, nos termos da lexislación do estado e da comunidade autónoma, a “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social”.

V.- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (arts. 8 a 15), estrutura o sistema galego de servizos sociais en forma de rede, comprendendo dous niveles de atención: os servizos sociais comunitarios, “de carácter predominantemente local”, que á súa vez se subdividen en dúas modalidades -básicos e específicos-, e os servizos sociais especializados, de competencia autonómica.

Os servizos sociais comunitarios básicos, de competencia local, son servizos mínimos obrigatorios para todos os concellos de Galicia (arts. 60 e 61 da Lei 13/2008, do 3 de decembro), constituíndo o elemento clave para garantir o acceso ó sistema galego de servizos sociais. Con todo, a diversidade de tipoloxías de concellos existente no noso territorio produce certas diferenzas de cobertura, especialmente, na prestación de determinados programas e servizos sociais específicos, que tamén se configuran como servizos de proximidade e, polo tanto, como criterio xeral, de competencia local, ao estar enfocados a colectivos afectados por problemáticas específicas que, deste xeito, enriquecen a rede de servizos sociais comunitarios. Non obstante, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, no artigo 32, atribúelle á Xunta de Galicia, tanto o asesoramento e asistencia técnica aos profesionais e concellos titulares dos servizos regulados no dito decreto, a supervisión e avaliación da calidade destes servizos e, incluso, a

creación, mantemento e xestión dos centros e programas de servizos sociais comunitarios específicos que pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias xustificadas asuma a Xunta de Galicia.

De todo o exposto, queda evidenciado que a estrutura en rede do sistema galego de servizos sociais é complexa e que, polo tanto, cómpre adoptar as medidas oportunas para garantir o adecuado funcionamento da dita rede de atención, que permita equilibrar eventuais déficits de cobertura e proporcionar unha oferta homoxénea de servizos. Non hai que esquecer que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, define o sistema galego de servizos sociais como servizo público destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

VI.- Precisamente coa finalidade de favorecer o adecuado funcionamento en rede do sistema galego de servizos sociais, a propia Lei de servizos sociais de Galicia, recolle no seu artigo 4.m), entre os “principios xerais dos servizos sociais”, o principio de “coordinación”, sinalando que se promoverá “a creación e o desenvolvemento de instrumentos e mecanismos de relación interadministrativa que garantan unha actuación coordinada no eido do benestar social e da igualdade, tanto por parte dos diferentes departamentos do Goberno galego que desenvolvan políticas públicas que incidan no benestar social coma polo resto de administracións públicas e entidades integradas no sistema, sexan de carácter público ou privado”.

Afondando nesta idea, o artigo 64 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, atribúelle a Xunta de Galicia a promoción dunha efectiva coordinación e cooperación cos concellos, co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Igualmente coa finalidade de garantir a efectividade desta competencia coordinadora, o artigo 10 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, dispón que os profesionais dos servizos sociais comunitarios que participen nos diferentes programas e servizos participarán dos sistemas de coordinación metodolóxica e formación permanente que estableza o órgano directivo competente da Xunta de Galicia.

VII.- Neste contexto, para o mellor cumprimento da obriga da administración autonómica de impulsar a coordinación e cooperación cos concellos no marco do sistema galego de servizos sociais, considérase moi adecuado complementar os instrumentos de coordinación da administración autonómica co apoio da Fegamp para reforzar a coordinación técnica cos servizos sociais municipais, nomeadamente no relativo á integración da perspectiva local nos diferentes estudos de diagnose, instrumentos de planificación (estratexias, plans, programas, proxectos...) e demais documentos de referencia que a Consellería de Política Social elabore para o sistema galego de servizos sociais, consonte á competencia de “planificación e programación xeral dos servizos sociais no ámbito territorial de Galicia” que o artigo 59.b) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, lle atribúe á Xunta de Galicia.

Porque a mellor maneira de promover a coordinación é incorporala desde o principio (desde o momento da súa elaboración) nos instrumentos de planificación do sistema que están destinados a rexeir a prestación dos servizos en perspectiva de futuro.

VIII- O carácter singular do obxecto deste convenio, que impide a convocatoria pública de subvencións en réxime de concorrência competitiva, xustifícase polo feito de que a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) é o único organismo de representación das entidades locais de Galicia, que as engloba a todas: os 313 concellos, as catro deputacións provinciais e as 9 entidades locais menores existentes no territorio de Galicia.

Efectivamente, esta unicidade da Fegamp outórgalle unha posición privilexiada e exclusiva para levar a cabo o obxecto deste convenio, porque o feito de que inclúa no seu seo a todas as entidades locais de Galicia outórgalle unha virtualidade enorme de cara a impulsar a coordinación e cooperación cos concellos no marco do sistema galego de servizos sociais e complementar os instrumentos de coordinación da administración autonómica, nomeadamente no relativo á integración da perspectiva local nos diferentes estudos de diagnose, instrumentos de planificación (estratexias, plans, programas, proxectos...) e demais documentos de referencia do sistema galego de servizos sociais.

Por último, cómpre salientar que o contido deste convenio de colaboración entre esta consellería e a Fegamp para mellorar a coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais (entre si, e cos servizos sociais de titularidade autonómica), coa finalidade última de contribuír a garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma, non está comprendido en ningún dos contratos regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e cumpre as condicións previstas no artigo 6 desta Lei para poder consideralo un negocio xurídico excluído do seu ámbito de aplicación.

Por todo o exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para mellorar a coordinación cos servizos sociais comunitarios municipais das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), é instrumentar a colaboración conxunta necesaria para mellorar a coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais, entre si, e cos servizos sociais de titularidade autonómica, coa finalidade última de contribuír a garantir unha prestación homoxénea dos servizos sociais, en igualdade de condicións para todos os cidadáns da comunidade autónoma.

Segunda.- Contido das actuacións a desenvolver e compromisos das partes

1) Da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp).

A Fegamp comprométese a:

- a) Realizar e desenvolver accións e actuacións de impulso e reforzo da coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais, en colaboración coa Dirección Xeral de Inclusión Social (en diante, DXIS) da Consellería de Política Social, complementando as súas accións de coordinación dos ditos servizos e, nomeadamente, contribuíndo a integrar a perspectiva local e a canalizar a participación do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais nos seguintes plans, estratexias, programas e proxectos que se están a acometer ou que se acometerán por parte da dita dirección xeral:

- 
- O proxecto “Historia Social Única Electrónica (HSUE)”, nomeadamente apoiando á DXIS a impulsar a formalización da adhesión dos concellos e entidades locais titulares dos servizos sociais comunitarios ao “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia”.
 - O proxecto “Observatorio Social”, colaborando no seu desenvolvemento, procurando facilitar a adecuada realización da enquisa ao persoal dos servizos sociais comunitarios básicos, como na implementación dos espazos de reflexión e xestión do coñecemento previstos no dito proxecto.
 - A elaboración do Plan de Atención ás persoas sen fogar de Galicia, colaborando na recollida, sistematización e integración das achegas do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais.
 - A avaliación intermedia da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, nomeadamente colaborando na recollida, sistematización e integración das achegas do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais.
 - A avaliación intermedia da Estratexia sectorial de Inclusión Social da Poboación Xitana en Galicia 2014-2020 e outras actividades previstas no marco do desenvolvemento desta estratexia autonómica e da Estratexia Nacional de Inclusión Social da Comunidade Xitana, nomeadamente colaborando na recollida, sistematización e integración das achegas do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais.
- 

- A participación nos traballos para definir un novo indicador complexo que permita medir a exclusión territorial, en colaboración co IGE.
- A facilitación da participación dos/as representantes da Fegamp nas mesas de traballo creadas no marco da Axenda Social Única de Galicia.

A colaboración da Fegamp nestes plans, estratexias, programas e proxectos irase producindo na medida en que a DXIS os vaia precisando o seu apoio para desenvolvelos. A natureza eminentemente técnica dos traballos que implica este servizo de coordinación esixe que sexan desenvolvidos necesariamente por persoal técnico con titulación universitaria en traballo social ou algunha outra disciplina científica do ámbito dos servizos sociais (socioloxía, psicoloxía, educación social).

- b) Promover os obxectivos, accións e actuacións obxecto deste convenio entre as todas as entidades locais (deputacións, concellos e entidades supramunicipais) de Galicia para acadar a maior participación na súa execución, en colaboración coa DXIS.
- c) Achegar os medios materiais precisos para o desenvolvemento das accións e actuacións de impulso e reforzo da coordinación mencionadas no apartado a).
- d) Cumprir cos requisitos e obrigas que os artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, lles esixen ás persoas e entidades beneficiarias de subvencións.



2) Da Consellería de Política Social.

A Consellería de Política Social comprométese a:

- a) Subvencionarlle á Fegamp, ao abeiro do previsto nos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como nos artigos 36 c) e 40 do regulamento que a desenvolve, ata un máximo de 17.000,00 € para financiar os gastos derivados da realización e desenvolvemento das accións e actuacións de impulso e reforzo da coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais que constitúen o obxecto do presente convenio.
- b) Coordinar, desde o punto de vista técnico, os traballos para a realización e desenvolvemento das accións e actuacións obxecto deste convenio, de maneira que se complementen cos traballos levados a cabo polo persoal técnico da DXIS para o obxectivo común da mellora da coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais.



Terceira.- Financiamento, xustificación e pagamento das obrigas asumidas pola Consellería de Política Social.

A Consellería de Política Social financiará, con cargo á aplicación 12.03.312A.460.0, proxecto 2016 00163, dos orzamentos de gastos da Dirección Xeral de Inclusión Social para o ano 2018, ata un máximo de 17.000,00 € para sufragar os gastos derivados da realización e desenvolvemento por parte da Fegamp das accións e actuacións de impulso e reforzo da coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais que constitúen o obxecto do presente convenio.

Ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 62 do seu regulamento, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, efectuaranse os pagamentos a conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) a favor do Fegamp ata o 80% da contía subvencionada contra os xustificantes de gasto e correspondentes documentos acreditativos do pagamento que acrediten os gastos realizados pola dita entidade para a realización e desenvolvemento das accións e actuacións previstas na cláusula Segunda.1).a) deste convenio, aos que deberá xuntarse a certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida. A Fegamp deberá presentar estes xustificantes ante a Dirección Xeral de Inclusión Social (DXIS).

O 20% restante aboarase cando a Fegamp achegue os xustificantes de gasto, os correspondentes documentos acreditativos do pagamento e mais a certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, que rematará o día 26/12/2018.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do pagamento, a Fegamp deberá presentar a conta xustificativa da subvención concedida, de conformidade co previsto no artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, xuntándolle, ademais, a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma, coa data límite do 26/12/2018.

A documentación xustificativa poderá incluír os gastos derivados da realización e desenvolvemento das accións e actuacións de impulso e reforzo da coordinación dos servizos sociais comunitarios municipais que se orixinasen con anterioridade á data da sinatura do convenio, sempre que se realizasen no exercicio orzamentario corrente.

A subvención concedida á Fegamp en virtude deste convenio de colaboración será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos

internacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Polo tanto, de acordo co indicado no parágrafo anterior e tendo en conta o artigo 11.d) da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Fegamp deberá comunicarlle á DXIS da Consellería de Política Social a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas en virtude deste convenio de colaboración, así como, de ser o caso, a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da dita subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación final da aplicación dada aos fondos percibidos.

No caso de incumprimento das condicións establecidas no presente convenio de colaboración para a concesión da subvención á Fegamp, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo coas anteriores disposicións normativas, a Fegamp estará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións percibidas.

Cuarta.- Publicidade do convenio.

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio no rexistro correspondente.

Así mesmo, este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios, en cumprimento do establecido no Decreto 12/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Igualmente, de conformidade coas previsións normativas do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e do artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración (nomeadamente, os datos correspondentes ao obxecto do convenio, ao seu prazo de duración, ás modificacións realizadas, aos suxeitos obrigados á realización das prestacións e ás obrigas económicas convidas) no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, no rexistro de convenios da administración autonómica, no Diario Oficial de Galicia e mais na web da Consellería de Política Social.

Asemade, de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o presente instrumento de colaboración e mais a información sobre a subvención que se articula a través del serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Quinta.- Establecemento dunha comisión mixta de seguimento.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, e segundo o previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, constituirase unha Comisión de Seguimento, mixta e paritaria, integrada, como mínimo, por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social, e máis outras dúas persoas representantes da Fegamp. Esta comisión será presidida por unha das persoas representantes da Consellería de Política Social, e as súas reunións serán convocadas por quen ostente a presidencia, a petición de calquera das partes. Actuará como secretario/a outra das persoas integrantes da comisión, que será designada pola presidencia.

Á Comisión de Seguimento lle corresponden, entre outras, as seguintes funcións:

- 
- a) Consensuar o plan de traballo e as funcións a desenvolver polo persoal técnico de cada unha partes, a fin de garantir a súa complementariedade.
 - b) Velar polo cumprimento dos termos de colaboración acordados no presente convenio e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen xurdir.
 - c) O seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio.

Esta comisión reunirse, polo menos, unha vez ao ano, podendo ser convocada tantas veces se estime necesario, a proposta de calquera das partes.



Sexta.- Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, estendendo a súa vixencia desde o 1 de xullo ata o 31 de decembro do ano 2018. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que, en todo caso deberá ser expresa.

Sétima.- Resolución anticipada.

Serán causas de resolución anticipada do convenio, consonte o previsto en el artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público:

- a) O transcurso del prazo de vixencia do convenio sen se ter acordado a súa prórroga.

- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se, transcorrido o prazo indicado no requirimento, persiste o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar á indemnización dos prexuízos causados se así se prevé.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) La imposibilidade sobrevida, legal ou material, para o desenvolvemento das actividades que constitúen o seu obxecto.



Oitava. Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade de todas as partes asinantes, e formalizarase, de ser o caso, mediante a subscrición da correspondente addenda ao presente convenio.



Novena.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tamén pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Igualmente serán de aplicación os principios contidos no texto refundido da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, en canto ás resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que poida suscitar a aplicación do presente convenio serán resoltas polos tribunais da xurisdición contencioso-administrativa.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose todas as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por triplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL	O PRESIDENTE DA FEGAMP
	
José Manuel Rey Varela	Alfredo L. García Rodríguez